

Lidia TEIXEIRO

«Sin ir más lejos», resume el experto, «respirar en Madrid es cancerígeno, pero nadie se va de la ciudad ni deja de salir a la calle cuando conoce este hecho»

(Alfonso Carrascosa)

I

Madrid sangra

Ti e mais eu
seguímonos buscando
entre cantos extraños

hoxe, tampouco aparecerá o paxaro

e o recordo da chuvia
cae
coas pingueiras do sangue

II

Xa case é media tarde

Entre parede e parede
viamos os documentais.

Eu contábache todo á orella:
 Dos guacamaios, dos loros reais
 do leopardo,
 o gato máis grande.

Ti
deixábasme crer que eras eterno
como montaña
como lagoa
como canteiro na obra dun deus republicano.

III

As miñas mans sempre teñen feridas
urbanas.

IV

Se as xustas non son,
que sexan, pois, as inxustas.

Que veñan a min as erradas, confusas
esquecidas, as que nunca quixen,
as impronunciadas.

Que salten sobre min.

E mentres Madrid sangra
de dentro cara a fóra,

imos collendo pulso a escuadra e desempeño.